

Bolseiro	NIF
VILASECO VÁZQUEZ, JOSÉ IGNACIO	22735385-T
SARCEDA CORGOSO, M ^a DEL CARMEN	33316965-Q
ORGEIRA CRESPO, RAQUEL	32664408-S
ALONSO CASTRO, MARÍA JOAQUINA	78785099-W
TORRES OUTÓN, SARA MARÍA	35312697-S
VARELA PÉREZ, JOSÉ RAMÓN	32793457-B

Resolución do 4 de decembro de 1996 pola que se comunica o resultado do sorteo ó que fai referencia o apartado cuarto da Orde do 14 de outubro de 1996 (BOE do 22).

Para xeral coñecemento e efectos, comunícase que, como resultado do sorteo previsto no apartado cuarto da Orde do 14 de outubro de 1996 (BOE do 22), pola que se establecen as normas procedementais aplicables nos concursos de traslados de ámbito nacional, convocados por ordes do 15 e 21 de outubro de 1996 (DOG do 4 de novembro e 25 de outubro, respectivamente) entre funcionarios docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de ordenación do sistema educativo, foron extraídas as letras «S» e «S» co obxecto do desempate a que se refire o precitado apartado.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 1996.

Jaime García García
Director xeral de Persoal

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 29 de novembro de 1996 pola que se establecen as tempadas nas que poderán ter lugar as rebaixas nos establecementos comerciais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

A Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista regula con carácter básico nos seus artigos 24 e 25 o concepto de rebaixas e as tempadas nas que estas poden realizarse, atribuíndo ás comunidades autónomas competentes a fixación das datas concretas das dúas tempadas anuais dentro das cales se poden realizar as rebaixas (unha a comezo de ano e outra no período estival de vacacións), sendo decisión de cada comerciante a duración de cada unha delas que como mínimo será dunha semana e como máximo de dous meses, en virtude do cal se fixan as dúas tempadas anuais de rebaixas.

Por todo isto e en virtude das competencias mencionadas e de conformidade co artigo único do Decreto 254/1996, do 14 de xuño, polo que se determina o órgano competente para fixar as tempadas

de rebaixas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Os establecementos comerciais asentados na Comunidade Autónoma de Galicia fixarán os seus períodos de rebaixas dentro das seguintes tempadas:

–Do 7 de xaneiro ó 7 de abril (ámbolos dous inclusive) para a tempada de inverno.

–Do 1 de xullo ó 30 de setembro (ámbolos dous inclusive) para a tempada de verán.

Artigo 2º

Dentro das ditas tempadas, a duración de cada período continuo de rebaixas será como mínimo dunha semana e como máximo de dous meses, de acordo coa decisión de cada comerciante. En todo caso, as datas de rebaixas elixidas deberán exhibirse nos establecementos comerciais en sitio visible ó público, incluso cando permanezan pechados.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Comercio e Consumo para dictar cantas resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1997.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 1996.

Antonio Couceiro Méndez
Conselleiro de Industria e Comercio

Orde do 2 de decembro de 1996 pola que se establecen os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 1997.

De acordo co disposto no Decreto 365/1996, do 26 de setembro, polo que se regulan os horarios comerciais no ámbito na Comunidade Autónoma de Galicia, correspóndelle á Consellería de Industria e Comercio fixar anualmente os domingos e festivos que se considerarán hábiles para os efectos do exercicio da actividade comercial.

En aplicación do artigo 3, apartado dous, do mencionado decreto e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consumidores, fíxanse os domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 1997. Na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Os domingos e festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ó público durante o ano 1997 son: